

ART ENXEBRE

ti pos a arte, nós poñemos o espazo

MÁIS INFO:



www.concellodogrove.es



www.enxebre.org



A Concellería de Xuventude do Concello do Grove e a Asociación Enxebre ofrécenche a oportunidade de demostrar o teu potencial creativo e o talento artístico que posúes participando na súa nova proposta de actividade para este ano 2013, unha versión exclusiva en formato de casting, unha Mostra de Talentos Artísticos, para a participación daquelas persoas con mente e espírito novo que teñen a necesidade de manifestar algo da súa arte, talento ou dominio ante o gran público, nun recinto pechado, nun espazo para a arte.

Obxectivos

Con esta actividade pretendemos promover e apoiar o desenvolvemento da arte nas disciplinas de danza, música, teatro, literatura, artes plásticas, cine, gastronomía, arte circense, maxia etc., ademais de:

Promover habilidades e expresións artísticas, no máis amplo sentido da palabra, de artistas afeccionados ou profesionais que acotío dedican o seu tempo a facer o que máis lles enche para que outros e outras poidan gozar do seu talento.
Estimular a participación en actividades artísticas e culturais dos habitantes do concello do Grove e da bisbarra do Salnés, así como fomentar os lazos de amizade e respecto entre todos e todas.
Achegarlle á comunidade un espazo necesario para o desenvolvemento das súas aptitudes e habilidades artísticas.
Difundir, confraternizar e promover a identificación cultural da nosa zona, considerando a nosa realidade pluricultural, así como destacar e promover o coñecemento doutras culturas que conviven connosco.
Contribuír coa investigación, o estudo e a difusión das tradicións e costumes dos nosos pobos.
Servir como trampolín artístico para promoverse e iniciar a súa andaina profesional dentro do panorama rexional ou nacional.

Criterios de valoración

Adecuación ás características básicas descritas anteriormente.
Orixinalidade, creatividade e innovación.
Adaptación da proposta ao tempo establecido.
Dominio da especialidade artística que presenta.
Interpretación e posta en escena.
Comunicación co público.
Quedan automaticamente excluídas da mostra aquelas actuacións que conteñan termos groseiros, agresivos ou intimidatorios de carácter racista ou discriminatorio contra a muller, home ou calquera colectivo ou relixión, así como contrarios á lei, á moral ou aos bos costumes.

Como participar? Inscripción

As inscricións poderanse realizar en:
- Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) situada na Casa azul, teléfono 986730609. Correo e--:omix@concellodogrove.com

- Asociación Enxebre. Telf. 609841150.
Correo e--:info@enxebre.org.

- www.concellododogrove.com ou na conta de facebook [enxebregrupodeteatro](https://www.facebook.com/enxebregrupodeteatro).

Participantes

Poderán participar todos os artistas profesionais ou afeccionados. Os menores deberán acompañar a documentación cun consentimento paterno para participar nesta actividade e para realizar gravacións das actuacións con dereitos de imaxe por parte da asociación organizadora. A participación poderá ser individual, por parellas ou por grupos de non máis de oito persoas.

Cada concursante deberá facerse cargo tanto dos materiais como das instalacións necesarias para a súa actuación (música, accesorios, vestuario etc.). Tamén será responsable do seu transporte, instalación e recollida e terá un tempo máximo de montaxe e desmontaxe de 2 minutos.

A comisión organizadora porá á disposición o equipo de música, dous micrófonos inalámbricos, un lector de CD, un proxector de imaxes, a pantalla de proxección e o equipo de iluminación.

Categorías ou disciplinas artísticas

MUSICAL E VOCAL	ARTES PLÁSTICAS
• Interpretación solista • Interpretación de banda ou orquestra • Vocalista • Grupo de música	• Pintura • Debuxo e caricatura • Escultura • Ourivería, ferrería, coiro
ARTE TEATRAL E CIRCENSE	LITERATURA
• Acrobacia • Malabarismo • Imitación • Actuación teatral • Comediante • Monólogo	• Poesía • Narración
DANZA	IMAXE E SON
• Calquera tipo de baile ou disciplina • Ballet • Moderna • Tradicional	• Fotografía • Cine, longa ou curtametraxe • Composicións musicais
GASTRONOMIA	DESEÑO/MODA
• Cociña de deseño • Cociña artesá • Microcociña • Presentacións de materias primas • Coctelería	• Complementos • Moda actual • Roupas de época • Roupas de tempada

Medios de difusión e publicación

Toda a información referente a esta mostra, xa sexan bases, datas, horarios... serán difundidos oficialmente a través das páxinas web da Asociación Cultural Xuvenil Enxebre e do Concello do Grove, na páxina de Facebook do evento ou na OMIX.

Unha vez realizada a actividade, as imaxes poderán ser utilizadas pola Asociación Cultural Xuvenil Enxebre, para todos os efectos, podendo facer uso libremente delas en calquera medio de reprodución ou divulgación, facendo constar os nomes dos autores ou autoras.

A Asociación Cultural Xuvenil Enxebre poderá levar a cabo as accións que considere oportunas para difundir as obras presentadas, co fin de promover os participantes desta mostra e da súa propia actividade para futuras tempadas desta edición de Mostra de Talentos Artísticos. Gravarase en videoclip as actuacións en directo, que será peza promocional da actividade durante todo o ano 2013.